



Festa dos
Fachós en
Castro
Caldelas



Páxinas IV e V

Actuacións de
conservación
na Muralla de
Lugo



Páxina VII

Guía de Viños
de Galicia



Páxina VIII

Os mundos de
Carlos Casares
queda en
Xinzo



Páxina X

Exposición
sobre os
Suevos en
Ourense



Páxinas XIII

Espectáculos
do Coliseum
da Coruña
para 2018



Páxinas XVII



Mondoñedo e Castro Caldelas entre as vilas máis bonitas de España

Páxina V

Entrevista



Fernando López-Acuña. Musicólogo

“O himno nace pola
necesidade de ter un
símbolo identitario para
Galicia”

Páxina XVI



Opinión

Por Jesús Témez Fernández

Patrioterismo do cinema español

Anova película histórica española “Oro” volve alimentar novamente todos os mitos da lenda negra e a rendibilizar de forma torticera todos os tics e clichés que sobre a historia de España viñéronse vertiendo polo denominado sector cultural deste país e que finalmente adoptaron xa forma de categoría.

E non cabe dúbida de que “Oro” volve ser unha mostra máis que evidente de iso, explicitando de forma máis que groseira os arquetipos máis recorrentes sobre a conquista do novo mundo.

A cobiza e sede de ouro ata extremos repugnantes, o dominico sen escrúpulos, a traición e deslealdade como condición natural ao español con-

quistador e uns longos etcéteras reconocibles en canto un ponse a visionar a mesma.

Todo iso non deixa de ser un botón de mostra máis do dano que tanto o cinema como a novela histórica española proferiron de forma repetida ao noso pasado ata lograr crear unha sorte de conciencia colectiva negativa acerca da nosa historia moderna. Foi ésta substituída, inhibida e fagocitada no colectivo identitario por un novo sinal cultural máis exótico e ahistórico exportado e altavoceado polo romanticismo decimonónico americano e británico que elevou o flamenco e as corridas de touros como os novos acenos de identidade do país e amnesiando o

importante activo artístico, literario e imperial español, pero do que ningún do sector audiovisual, e case ninguén do literario, preocupouse



en poñer en valor.

De todo iso nin Trueba, nin Díaz Yanes nin Pèrez Reverte coa súa calculada ambigüidade chusca quixeron xamais saber, xa que é moito máis rendible e conciliador con determinados sectores e poderes fácticos do politicamente correcto deste país sacar as miserias e vergoñas históricas. Exorcizar os demos históricos é un exercicio moi saudable e democrático, non cabe dúbida, e niso os españois somos cum laude pero tamén o seríamos se proxectásemos unha imaxe da nosa historia máis contextualizada, menos ideologizada e máis rigorosa. Aí deixo o reto. Seguro que ninguén o secundará.



Por Xosé González Martínez . Presidente do Foro E. Peinador

Os que queren non poden e os que poden non queren

Velaí o dilema no que estamos atrapelados desde hai ben tempo. Para resolvelo debemos saír deste encerello admitindo que son moitos e diversos os axentes causantes desta parálise. Nada de aplicar razóns cartesianas e simplificadoras, porque a responsabilidade ao tempo que está xerarquizada, tamén moi repartida e non admite maniqueísmos.

A normalización da lingua galega en todos os ámbitos so-

ciais é unha tarefa que incumbe, en primeiro lugar a todos os poderes públicos, sen excepcións; pero tamén a todos os seus organismos autónomos.

Descargar toda a responsabilidade da galeguización no entramado xurídico-institucional, que non é máis que unha parte do problema, é negar a súa complexidade.

Non debemos esquecer que existen, alén das administracións públicas, outros poderes que non asumen as responsa-

bilidades do proceso. Refírome ás organizacións políticas e sindicais, por exemplo, que teñen notable influencia en cadanseu sector social. As súas aportacións ao proceso regaleguizador son anecdóticas.

Mais hai un terceiro nivel, cunha base social moi ampla, que tamén permanecen inactivos, cando non indiferentes, cos valores patrimoniais que nos definen: o variopinto movemento asociativo cultural e veciñal que vertebra a sociedade civil, dirixido moitas veces por axentes pertencentes ás organizacións políticas carentes de programas pedagóxicos de galeguización.

Cómpre artellar programas participativos e anovadores baseados na oferta positiva.

Hai que converter o pesimismo da razón no optimismo da vontade. Con esa filosofía actúan as asociacións do colectivo Galeguizar Galicia. Todas elas, sen solapamentos nas súas actuacións, están a poñer en pé un relato novo de normalización lingüístico movendo os ríxidos marcos que coutan a expansión do discurso.

Remata o ano 2017 e o balance que ofrecen todas as asociacións do colectivo caracterízanse pola progresión nos avances acadados. Velaí están as campañas do Foro E.

Peinador e a Irmandade Galega de Agroalimentarios



chamando aos consumidores a preferiren produtos galegos e entre eles aqueles que se etiquetan no noso idioma; labor complementado polos premios Baceiros de Prada da Asociación Álvaro das Casas. Outro tanto están a facer en cadanseu ámbito a Irmandade Xurídica Galega e a Irmandade da Sañidade Galega, ambas as dúas integrantes da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, e a Fundación L. Peña Novo.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer



A festa dos Fachós en Castro Caldelas

Por Olegario Sotelo Blanco

Primero celébrase a festa de San Amaro, o 17 de xaneiro. Este santo sempre foi coñecido no Castro como o avogado da reuma, e a súa festividade é coñecida tamén como a “festa dos chourizos”, aínda que agora este aspecto profano da festa se desprazou á Festa dos Fachós, tres días máis tarde. En calquera caso, a festa de San Amaro foi sempre e aínda máis hoxe unha celebración máis seria, máis contida e cunha presenza fundamental do elemento relixioso. No transcurso desta festa, a xente tiña na cabeza a verdadeira festa profana do 20 de xaneiro, e por iso cando a xente regresaba á vila cantando dicía: “Si vas ó San Amaro, déixalle dito ó gaiteiro que veña tocar ó Castro o día 20 de xaneiro”.

A festa do fachós celébrase o 19 de xaneiro, véspera da festividade de San Sebastián, que é o patrón da igrexa de Castro Caldelas. Ese día, antes do anoitecer, a xente da vila xúntase na entrada do Castro pola estrada de Ourense levando os fachós aínda apagados. Cando escurece, bótase unha luminaria sinalando que é o momento de prender os fachós e, co estoupido do primeiro foguete, arrinca a procesión en

cabezada polos gaiteiros.

Ese percorrido cos fachós ardendo na escuridade da noite dá á vila un aspecto fantasmal. Antigamente participaban nela só os homes; agora a festa democratizouse e todos poden intervir nela. Entre berros de alegría e coplas, a procesión percorre a praza do Prado, as rúas empedradas de Cima da Vila pasando pola rúa Grande, onde o século pasado a xente berraba “Viva San Sebastián, o bispo e o can”, “E a Marcela e a cadela...”, xunto con outras alusións a persoas da vila, ata chegar á antiga igrexa parroquial de San Sebastián e Santa Isabel, onde tocan as campás e se xuntan finalmente o grupo de portadores de fachós e a xente que non participa na procesión, antigamente mulles, nenos, vellos...

Báixase logo de Cima da Vila pola rúa do Sol, pásase pola Cubiarca e máis tarde vólvese ó Prado, onde se queiman os fachós nunha gran fogueira diante da igrexa. Logo de remataren o percorrido da procesión, os homes erguen os borralleiros das pallas aínda ardendo e as “moxenas” corren por toda a praza facendo bulir a xente do lado do lume. Os gaiteiros tocan sen parar ata que o lume se apaga. Os vellos e os mozos bailan ó redor do

lume e os máis atrevidos saltan por riba del. Nas brasas ásanse logo ducias de chourizos. Comeza entón a festa gastronómica tamén con música de gaiteiros. Durante moitos anos do século pasado, e mentres non se popularizou a música enlatada, a música destas festas na comarca estivo a cargo do conxunto Os Trabazos.

O fachó

No tocante ó elemento diferencial da festa, o fachó, digamos que é un feixe de palla, ou unha homenaxe ós feixes de palla, pois para a festa soen facerse máis grandes do que era habitual no uso cotián. Na elaboración dos fachós (máis de medio milleiro) compítese por ver quen consegue facelo máis grande, o que non sorprende nunha festa secularmente protagonizada por homes. A gloria da grandeza. Ás veces alcanzaron os catro metros. Tan grandes que algúns teñen que ser transportados na procesión por seis homes: dous sostéñenos por abaixo para mantelos dereitos e os outros catro sostéñenos aponoados con forquitas de ferro mentres arden. Como curiosidade, diremos que no ano 1978 puido verse un fachó de máis de doce metros, que tivo que ser transportado por dez mozos. Hai dous anos o fachó grande



Fachón de 35 metros de longo.

tiña 35 metros.

Para facer os fachós, primeiro selecciónase a palla máis limpa. Faise un mañuzo e vaíse atando con atadallos feitos da mesma palla; estes atadallos fanse cunha separación duns cincuenta centímetros entre si. Para ir facendo máis longo o fachó, vaíse solapando a palla sobre o xa feito e con novas ataduras pódese chegar á lonxitude que se queira. Unha vez que xa está acabado o fachó, préndeselle lume pola parte máis frouxa e delgada e invértese o proceso de atar por ir afrouxando e desatando segundo se quere que vaia queimando con máis ou menos rapidez.

Pero na realidade os fachós para alumear o camiño adoitaban ser duns dous metros e levábanos prendidos en posición vertical. Estes que agora constrúen para competir na procesión dos fachós téñenos

que portar varios mozos en posición horizontal e, claro, xa cambia substancialmente a estética desa procesión.

A orixe da festa

Pensemos que falamos dunha festa de orixe moi antiga respecto da que hai tantas teorías coma estudosos. Hai quen a sitúa na peste ou na epidemia do cólera que houbo no século XVIII, cando o lume dos fachós se utilizou como medida sanitaria. Outros din que esta orixe hai que busca nunha procesión pedindo axuda a san Sebastián contra esa peste. Non falta tampouco quen relaciona esta festa coa mesma orixe da agricultura: cos fachós queimábanse bosques e restrollos para poder ser labrados e gañar terreo para a sementeira. Vicente Risco relaciona a festa coa mitoloxía grecorromana.

continúa na páxina seguinte...



Café Bar



CASTRO

Tlf. 988 203 031
Padre Feijoó, 1 . Castro Caldelas . 32760 Ourense

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.



Correo: oilpintuco@gmail.com
Ourense

 **680 956 669**
675 860 424

Mondoñedo e Castro Caldelas entre as vilas máis bonitas de España

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, mantivo unha xuntanza de traballo cos concellos de Mondoñedo e Castro Caldelas, que acaban de incorporarse á lista das vilas máis bonitas de España, integrada unicamente por algo máis de medio centenar de municipios e que conta só con dous membros galegos. Nava Castro transmitiu a súa felicitación ás alcaidesas de Mondoñedo, Elena Candia, e de Castro Caldelas, Sara Inés Veiga Núñez. Nava Castro amosoulles o seu apoio no

seu compromiso de manter e mellorar a beleza dos seus centros históricos e patrimonio cultural, das súas tradicións e da súa contorna natural. No encontro tamén participou Francisco Mestre, presidente da "Asociación de Los Pueblos más bonitos de España", á que se uniron os ditos concellos das provincias de Lugo e Ourense. Nava Castro expresou a súa confianza en que ambos sirvan de estímulo a outras localidades da Comunidade na súa constante mellora.



As alcaidesas de Mondoñedo e Castro Caldelas, as primeiras pola esquerda.

...ven da páxina anterior

Pola súa parte, Antón Fraguas sinala que é unha expresión da liberación da xente, unha transgresión da rixida monotónia e triste vida cotiá.

Ben, esta última interpretación explica en realidade calquera festa popular, mesmo na súa manifestación máis folclórica. Mais, falando en concreto desta festa dos fachós de Castro Caldelas, non hai dúbida de que é unha máis das expresións propias dun mundo, unha vida e un tempo vinculados á terra, quero dicir, ós ciclos naturais. Lembremos que xaneiro é un mes característico en manifestacións populares relacionadas co solsticio de inverno, ademais de que nesas datas a actividade no campo permite unha certa

relaxación, os ritos sobre todo de lume son típicos en toda a xeografía peninsular (seguramente herdados de pobos adoradores do sol coma o ibero, que coas fogueiras pretendían reclamar do astro rei un inverno breve e cálido e unha pronta primavera). Ritos de orixe pagá, pois, aínda que convenientemente cristianizados, cos que se pretendía protexer as colleitas, os animais e as persoas das inclemencias naturais propias do inverno. En moitas vilas e aldeas reuníanse e reúnense aínda os veciños arredor das fogueiras, e nestas xuntanzas cántase, báilase, ásanse alimentos e cómense, cada lugar cos seus matices diferenciais, mais sempre co lume como ele-



Fachós individuais pola Praza do Prado.

mento central, protector, pois dá luz, calor e destrúe o mal.

A idea cristiá do "lume purificador", asociada ás pestes que devastaron Europa na Idade

Media e ó santo protector contra elas, san Sebastián, permitiu que estas festas sobrevivisen con renovadas mensaxes ata hoxe en día, aínda que agora,

como dixemos, xa folclorizadas, privadas do seu sentido transcendente, neste mundo noso tan científico, tan urbano, que perdeu xa toda vinculación cos ciclos da vida. Superada a fase de superstición, denigrada a do simbolismo máxico ou relixioso, xa non nos sentimos parte da natureza, senón os seus simples explotadores, e comprácmolos no noso poder absoluto sobre a terra, no noso control das leis biolóxicas, que alteramos ó noso gusto, permitindo que sobrevivian eses antigos rituais por interese puramente evasivo, cando non económico, aínda que cumpren a función de seguir creando vínculos sociais na colectividade, o que sempre é positivo.



Aluminios Durán



C/ Cuatro Caminos, 19 Castro Caldelas (Ourense)
Tif. 988 20 30 92 aluminiosduran@hotmail.com

CALEFACCIONES

LINO PEÑA

PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
AIRE ACONDICIONADO
REFORMAS COMERCIALES

OURENSE: Av. Buenos Aires, 246

☎ 988 232 959

☎ 988 223 118

☎ 609 888 918



O Premio honorífico Artesanía de Galicia 2017 foi para Sober



Acto de entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2017.

Os Premios Artesanía de Galicia 2017 entregáronse na Cidade da Cultura e Francisco Conde, conselleiro de Industria, asegurou que este sector, do que destacou o seu potencial e prestixio, está “máis vivo que nunca”. Tal e como lembrou, estes galardóns naceron co obxectivo de consolidar o posicionamento e prestixio da marca Artesanía de Galicia -que conta con puntos de venda en 42 países-, sensibilizar á sociedade sobre a súa importancia como motor económico e cultural da Comunidade; potenciar o relevo xeracional e impulsar a formación e innovación no sector.

O Premio Artesanía de Galicia, dotado con 6.000 euros e que reconece a obra que representa unha artesanía competitiva polo seu deseño, adaptación ou conservación de técnicas e valores tradicionais, a incorporación ás tendencias actuais ou a innovación, recaeu na peza “A cunca en minifundio” de Rodrigo Riveiro do obradoiro Ferraxe de Prata, en Teo. Este artesán destaca pola creación de pezas únicas e exclusivas dándolle unha nova oportunidade aos materiais, como a louza vella e rota. A obra gañadora é un colar de

formas xeométricas e orgánicas a base de louza e prata.

Honorífico

O Premio Traxectoria 2017, un galardón honorífico, sen dotación e que pretende recoñecer a carreira profesional, así como a contribución do premiado á promoción da artesanía, foi para Obdulia Rodríguez González “Lula”, de Sober (Lugo). A homenaxeada dedicou 30 anos da súa vida a recuperar e dar a coñecer a olería tradicional de Gundivós.

Por último, o Premio Bolsa Eloy Gesto, que premia con 4.000 euros a candidatura que presente unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño, entregouse a Paula Ojea, de Ojea Studio, en Vigo. Esta ceramista e enxeñeira combina as súas dúas paixóns nas pezas que realiza a man de xeito individual, o que as dota dunha combinación de precisión e irregularidade, exactitude e singularidade que as fai únicas.

Na súa intervención, o conselleiro destacou que a artesanía galega está en auxe, con preto de 3.000 artesáns rexistrados e máis de 60 tendas e 550 obradoiros, un sector que dá emprego a máis de 5.000 per-

soas e que se está a consolidar como unha vía de dinamización económica e turística, especialmente no ámbito rural.

Tal e como manifestou Conde, “o futuro da artesanía escríbese en clave de talento e innovación” e insistiu no esforzo que a Xunta seguirá a facer en aspectos como a formación e a introdución das novas tecnoloxías para a adaptación do sector ás novas tendencias.

Neste sentido ratificou o compromiso do Goberno galego co impulso do prestixio deste sector a través de axudas para fomentar a súa comercialización e competitividade -este ano chegaron a 35 obradoiros, 12 concellos e á Asociación Galega de Artesáns-; apoiando a formación coa organización de diferentes cursos; buscando novas oportunidades en feiras internacionais, iniciativas como o espazo Pop up. Saberes e Sabores e Madrid, ou eventos como Artesanía no Prato e Corazón de Artesanía de Agolada que este ano recibiu 9.000 visitas, consolidándose como a cita anual de referencia no sector. Conde finalizou referíndose á proxección e potencial do sector lembrando o Premio Nacional de Artesanía que vén de recibir polo proxecto Enredadas.

A Biblioteca Pública de Lugo celebra o seu 30 aniversario

A Biblioteca Pública de Lugo cumpre 30 anos de existencia e celebra esta efeméride cun acto no que as distintas directoras da institución ao longo deste tempo actuán como guías da súa evolución. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, presidiu un acto para o recordo, no que o futuro de biblioteca tivo tamén un papel relevante.

Para o secretario xeral de Cultura, que puxo en valor o papel das bibliotecas no desenvolvemento dunha sociedade, a Biblioteca Pública de Lugo ten como activos principais “os seus fondos documentais e o persoal que nela desempeña o seu labor”. Anxo Lorenzo fixo fincapé en que se trata dun “espazo aberto de convivencia, de comunicación e información, un axente activo de promoción da lectura, e un lugar para a aprendizaxe autodidacta e de apoio aos procesos educativos”.

As intervencións de Elena García, a actual directora; Marisol González, que a antecedeu no cargo, e Consuelo Meiriño, xefa do servizo do Sistema de Bibliotecas e que tamén dirixiu

a entidade abundaron na historia do centro e puxeron de relevo a súa evolución ata chegar a ser “un centro con procesos áxiles e innovadores, que brinda servizos de calidade aos seus usuarios e á comunidade na que se insire”, en palabras de Lorenzo.

A Biblioteca Pública de Lugo, de xestión autonómica, forma parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coordinada pola Subdirección Xeral de Bibliotecas da Secretaría Xeral de Cultura. Os centros desta rede constitúen un dos eixes culturais básicos da sociedade actual, xa que facilitan o achegamento da cidadanía á información e á cultura. Os servizos bibliotecarios permiten un acceso gratuito e en igualdade ao libro e á lectura e, cada vez máis, son espazos centrais da dinamización cultural de vilas e cidades.

Asistiron ao acto o subdelegado do goberno, Ramón Carballo, a deputada de Cultura da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, a concelleira de Benestar Social do Concello de Lugo, Ana Abelleira e o delegado da Xunta na provincia, José Manuel Balseiro.



Asistentes ao acto no que se falou de pasado e de futuro.

A Xunta realizará novas actuacións de conservación na Muralla de Lugo



Intervención do conselleiro de Cultura.

A Consellería de Cultura ten previsto iniciar este ano unha nova serie de actuacións na Muralla de Lugo co fin de avanzar na súa conservación. Así o anunciou o conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez, durante a súa intervención con motivo dos actos conmemorativos do 17 aniversario da declaración de Patrimonio Mundial deste monumento romano. Segundo explicou, neste 2018, no marco das actuacións que se están a realizar nos cubos LXX e LXXI, vanse exhumar dúas escaleiras romanas. O obxectivo é resolver o problema de filtracións que presentan, documentalas e volvelas a cubrir. Así mesmo tamén están previstas accións específicas para a posta en valor do túnel do cubo VI e a consolidación estrutural do cubo VII e o lenzo interior do seu contorno inmediato. Román Rodríguez lembrou o “clima de ilusión” e o traballo colaborativo das distintas administracións que fixo posible articular un proxecto de calado que deu visibilidade nacional e internacional á candidatura a Patrimonio Mundial feito realidade o 30 de novembro do ano 2000. Nesta liña, emprazou a continuar apos-

tando pola vía da cooperación para garantir a protección deste monumento, con actuacións de conservación e restauración planificadas, e a difusión dos seus valores patrimoniais.

Máis de catro millóns

As novas actuacións que se comezarán a desenvolver este ano ano engádense ao conxunto de obras de salvagarda levadas a cabo e que desde 2009 acadan un investimento de máis de 4 millóns de euros. Concretamente no pasado 2017 acométese obras nos cubos XIX, LXX, LXXI e LXXX, a rehabilitación dun lenzo nas traseiras da rúa Clérigos, as actuacións previas no túnel descuberto nas proximidades do Instituto Xoán Montes que, xunto co contrato de mantemento, supoñen máis dun millón de euros.

O orzamento que, segundo Román Rodríguez, se está levando a cabo “dun xeito planificado e eficiente”, e que conta, ademais de con recursos propios, con aportacións do Goberno do Estado e do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Desde a Consellería durante todos estes anos estívoase levando a cabo un control constante da evolución do estado da Muralla, co groso do investimento destinado a

actuacións directas sobre a conservación e restauración do ben. Non obstante, o conselleiro fixo especial fincapé noutro tipo de actuacións como é a accesibilidade ao ben, “unha cuestión fundamental, posto que o disfrute do patrimonio tamén debe ser para todos”, sinalou. Precisamente para mellorar a accesibilidade habilitouse un ascensor na parte de atrás da Deputación. O conselleiro tamén aludiu á necesidade de programar actividades de difusión do ben, porque “para apreciar e respectar o Patrimonio, primeiro hai que coñecelo”. Na mesa redonda dos actos conmemorativos do 17 aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade tamén participaron os ex alcaldes de Lugo José López Orozco, e Joaquín García Díez, e o ex conselleiro de Cultura e deporte Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. Tamén asistiu o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro. A axenda desta celebración completouse coa inauguración dunha exposición fotográfica, “Operación Muralla Limpa.1972”, con fondos procedentes do Arquivo Histórico Provincial; e cun percorrido pola propia Muralla.

Masterchef Celebrity na Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra foi escenario para o oitavo programa de Masterchef Celebrity que emite TVE. Os concursantes participaron nunha das xoias naturais de Galicia, onde se dá a maior concentración de igrexas e mosteiros románicos de Europa e cultívase a uva Mencía nos seus viñedos milenarios.

Os concursantes tiveron que inspirarse nos pratos dos seis chefs convidados como xurado, todos eles cunha nova estrela Michelin este ano: Óscar Quella, Rodrigo da Rúa, Juan Antonio Medina, Fran López, Álvaro Salazar e Joël Castanyé. O menú era un exemplo de

dieta atlántica, composto por empanada de zamburiñas, troita con grelos, jarrete de tenreira galega ao viño Mencía e bica mantecada con salsa de cereixas.

A adega Regina Viarum, en Doade. Sober (Lugo) recibiu a visita dos membros do programa, que tiveron o Canón de Sil como pano de fondo ao longo do concurso emitido o 7 de novembro.

Ademais dos concursantes habituais, ao programa uniuse o actor galego Francis Lorenzo. Tamén se uniu o chef Jordi Butrón, que ofreceu os seus coñecementos en repostería para que os aspirantes reproducisen á perfección as súas sobremesas.



O programa televisivo gravouse no mes de xullo.



www.todocondado.com

A Guía de Viños de Galicia 2018 presenta máis de 850 referencias catadas

Presentouse no Centro do Viño de Monforte de Lemos (Lugo) a Guía de Viños, Destilados e Adegas de Galicia 2018, editada por Servino Consulting e dirixida por Luís Paadín. O acto de presentación estivo conducido por Paadín, autor da Guía, ao que acompañou José Manuel Rodríguez González, presidente da denominación de orixe Ribeira Sacra.

Na súa edición máis completa ata a data, a Guía de Viños, Destilados e Adegas de Galicia conta con 540 adegas e destilerías de referencia; a totalidade das amparadas nas denominacións de orixe e I.G.G. de viños, augardentes e licores de Galicia. A través das súas 384 páxinas a todo cor, pódese gozar de 850 referencias descritas e premiadas este ano de máis de 1.500 que aparecen referenciadas, así como o medallero histórico de cada viño dos últimos cinco anos.

Luís Paadín manifestou que: “este ano incorpórase información relativa aos chans, pluviometría e luminosidade nas distintas zonas das deno-

minacións de orixe. No caso da Ribeira Sacra o marabilloso é ver a diferenza dos chans nos distintos concellos con esa veta de “ollo de sapo” que a cruza a Ribeira Sacra longitudinalmente e cremos que o camiño ten que ir un pouco cara a apostar claramente polos viños de parcela e por tanto cremos que isto é un primeiro paso a recoñecer que o consumidor vaia valorando non soamente que a Ribeira Sacra en só unha, se non que son moitas e que son moi variados os viños. “Segundo Paadín “este ano catamos máis viños e si, cada vez hai máis grandes ouros e a colleita de 2015, que son moitos dos viños que nos deron a probar, pasaron por barrica e demostrouse a gran colleita do que probamos e sobre todo creo que se mostrou do que son capaces as variedades minoritarias como a Brancellao e o Merenzao”.

Mapas

Como novidade, na Guía 2018 incluíronse xenuínos mapas de todas as denominacións nos que se descubren as con-

dicións específicas de cada terruño. Desta maneira, a través de infografías infórmase o lector da Guía de cómo se distribuíron as choivas no 2016, da altitude de cada punto da denominación, das temperaturas máximas e mínimas no 2016 e mesmo da principal composición mineral de cada chan. Un estudo pormenorizado que busca resaltar a identidade e peculiaridade que cada terruño confírelle ao viño.

Luís Paadín considera que “a colleita de 2015 deu un paso grande para poder explicar o que é realmente un merenzao e como se poden elaborar os grandes branceillos. Cada ano máis premios, máis viños e mellores elaborados. A colleita 2016 pronto desaparecerá do mercado e hai grandes expectativas depositadas para 2017.”

Grazas ao traballo realizado os últimos anos, a Guía de Viños de Galicia conseguiu posicionarse no máis alto da literatura gastronómica ao obter o Premio Especial do Xurado 2017 como un dos 10 mellores libros de bebidas do mundo



Luís Paadín e Xosé Manuel Rodríguez González.

polo prestixioso concurso Gourmand Awards, de entre máis de 10.000 libros de 211 países diferentes.

Xosé Manuel Rodríguez, presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra, sostén que “e unha guía que ano tras ano vai buscando o seu espazo e a súa estabilidade tanto dentro de Galicia como fose. É un formato de guía que pon a Galicia no mapa, a Galicia dos viños, cun criterio serio e persoal dun grupo de xente amplo que veñen valorar estes viños dunha guía sen publicidade que dá unha idea xeral do que son os viños ano a ano.

Tras seis edicións consecutivas, a Guía de Viños de Galicia segue consolidando a súa presenza e valor no mercado

grazas ao apoio de máis de douscentos mecenas (restauradores, catadores, distribuidores e particulares) que cada ano adquiren os seus exemplares mediante un sistema de reserva en primicia e aos máis de 40 catadores, enólogos, xornalistas e técnicos que axudan a confeccionala a través das catas a cegas. Para Xosé Manuel Rodríguez “nesta iniciativa Ribeira Sacra apostou por ela desde o principio e parécenos unha idea magnífica. Só cábeme desexar que siga nesa estabilidade co obxectivo de estar presentes ano a ano e irse asentando no mercado, o mercado dese consumidor fiel que valora estas iniciativas. Só quedame dar o parabén e desexar que siga así.”

Cuba convidada ao programa Culturas en diálogo

Inagurouse o programa “Culturas en diálogo 2018”, que promove a Deputación. A deputada de Cultura Pilar García, explicou que “este ano elixiuse Cuba como país convidado pola profunda pegada que ten na nosa cultura; ademais non hai que esquecer que foi un país de recepción dos miles de galegos e ga-

legas emigrantes, de todas as xeracións. É unha viaxe de ida e volta que está presente nas nosas forma de entender o mundo”.

Dentro das actividades que contén o programa participará o ballet cubano, “Telón Abierto”, así como a exhibición de filmes co Bloque documental de investigación: “Mulleres de

Aquí e Dacolá”. Tamén haberá Guerrilla de palabras: “Palabreirxs de viaxe. Polo mundo da man do Colexio das Gándaras”, que vai estar exposta no museo. Ademais dunha mostra de murais sobre a Diversidade na Ribeira Sacra, do artista Iván Merayo, e da Diversidade Lugo, da autora Tician Ghiglione Darriba.



Inauguración do programa.

Carballo-Calero presenta unha monografía sobre Maruja Mallo

Na biblioteca municipal do municipio do Landro, presentouse un libro monográfico sobre a figura e obra de Maruja Mallo editado pola Deputación, a cargo da catedrática María Victoria Carballo-Calero, quen participou na presentación. Esta iniciativa forma parte da programación de actividades que o Executivo ofrece con motivo de que a Real Academia Galega de Belas Artes decidiu homenaxear polo Día das Artes Galegas, á artista lucense Maruja Mallo.

A deputada Pilar García Porto apuntou que “a través desta publicación poñemos en valor a vida e obra dunha das artistas máis importantes que viu nacer a nosa provincia. Maruja Mallo foi pioneira nunha forma de entender a vida e o arte e un modelo a seguir. Mallo segue a ser exemplo de valentía, liberdade e defensa dos dereitos das mulleres, nun mundo de homes e nunha época de prohibicións e represión”.

Loureiro García subliñou que

“Mallo é sen dúbida un dos expoñentes máis importantes das artes da nosa provincia, unha veciña que levou o nome de Viveiro alí por onde foi. É por iso polo que durante todo este ano, ofrecemos dúcias de actividades dirixidas a recoñecer e pór en valor a súa figura, co fin de dar a coñecer as súas composicións artísticas que destacan pola súa altísima calidade”.

Maruja Mallo

Maruja Mallo naceu en Viveiro, en 1902, co nome de Ana María Gómez González e no seo dunha familia de boa posición. Xa moza, trasladouse a Madrid, onde mantivo relación con artistas como Margarita Manso, María Zambrano e Rafael Alberti. Durante a década de 1920 traballou para numerosas publicacións literarias e realizou portadas de varios libros, así como exposicións. En 1932 viaxou a París, onde entrou en contacto co surrealismo, e participou en parladoiros con André Breton e Paul Éluard.

Dende ese momento a súa pintura cambia radicalmente, influenciada polo surrealismo. En 1937, debido á Guerra Civil que se estaba vivindo en España, viaxa a América, onde pasará o seu exilio en Arxentina e Estados Unidos. Regresou a España en 1962, onde realizou varias exposicións. En 1982 recibe a Medalla de ouro das Belas Artes, concedida polo Ministerio de Cultura. Finou en Madrid en 1995, a idade de 93 anos. A artista viveirense mantivo unha estreita relación coa Deputación de Lugo durante varios anos da súa produción artística. A Mallo concedéuselle unha bolsa para estudos de pintura en Madrid que se ampliará máis tarde ata cumprir os 3 anos. Esa relación plásmase en obras coñecidas como o estudo realizado en lapis sobre papel, datado no 19 de outubro de 1927 e asinado co seu nome, Ana María Gómez, entregada ao organismo provincial e que hoxe forma parte da Colección



García Bermúdez, García Porto, Carballo-Calero e Loureiro García, presentaron esta publicación.

do Museo Provincial de Lugo. **María Victoria Carballo-Calero**

A autora do libro é catedrática de Historia da Arte Contemporánea da Universidade de Vigo. Académica de número da Real Academia de Belas Artes de Galicia. Correspondente das Reais Academias de San Fernando (Madrid) e Santa Isabel de Hungría (Sevilla). Decana da Facultade de Historia da Universidade de Vigo durante 8 anos. Vogal do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística 2010.

Alguns dos seus traballos

máis destacados son: La ilustración en la Revista Nós (1983); Os Castelaos de Ourense (1985); Julia Minguiñón y Maruja Mallo. El reencuentro con la modernidad en la posguerra (2001); Do realismo do Álbum Nós ao expresionismo das estampas de guerra (1916-1939); entre moitos outros. Recentemente, realizou a edición da obra Castelao en el arte europeo de Siro López (2015) e outros artigos como: “Caricatura e debuxo de humor”, en Castelao artista: Os fundamentos do seu estilo (105-1920), Museo de Pontevedra, (2016).

XII Festival Internacional Rebulir

A duodécima edición do Festival Internacional Rebulir (FIR), baixo o lema “Bailar coa terra”, ofreceu en decembro un programa de actividades culturais que abrangueu actuacións de música e danza de grupos de Ramirás, Castela e León, Portugal, Euskadi, Ecuador e Ucraína.

Manuel Doval, deputado provincial de Cultura, felicitou a “todos os que conseguiron que este evento acade a súa duodécima edición, froito dun gran esforzo e dun compro-

miso coa cultura tradicional, sendo ademais moi importante transmitila dunha xeración a outra”. Doval dixo que a Asociación Cultural Rebulir “entende a cultura como a ferramenta imprescindible para transformar a sociedade e que medre en valores, lo-grando que o FIR sexa xa un referente máis aló das nosas fronteiras”.

Alexandre Sotelino, director artístico do FIR, explicou que entre as novidades deste ano destaca a “importante ampliación do programa porque

continuamos a manter as catro xornadas de Festival pero cunha implicación de actividades de base, porque queremos chegar tamén as actividades a outras áreas para levarlle un petisco do Festival”.

Outra das novas apostas desta edición é o modo de presentación da gala central, que correu a cargo de regueifeiros que “non son presentadores ao uso, senón que foi algo distinto que interpelou ao público e aos propios grupos”, sinalou Alexandre



Presentación de “Bailar coa terra”.

Sotelino.

Carlos Rodríguez, alcalde de Ramirás, destacou a importancia que ten o desenvolvemento desta actividade

para o municipio e agradeceu á Asociación cultural, “que xa implantou as súas raíces alí, por movernos a moita xente moza”.

“Os mundos de Carlos Casares” queda no Museo Galego do Entroido en Xinzo

A exposición central das Letras Galegas 2017, **Os mundos de Carlos Casares**, pechou a súa itinerancia no concello ourensán de Xinzo de Limia, localidade de referencia para o autor homenaxeado o 17 de maio. O Museo Galego do Entroido - destino definitivo da mostra que percorreu desde abril as catro provincias galegas con paradas en Ourense, A Coruña, Ribeira, Arzúa, Vigo, Pontevedra e Lugo - acolleu o acto oficial no que participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

“Conclúe o ano no que lle rendemos xusta homenaxe a un ourensán, a Carlos Casares, un ano xeneroso que, ademais de achegarnos a figura, a vida

e a obra deste autor, nos ofreceu, da man de Casares, a oportunidade de recordar e revisar a nosa historia recente, por ser precisamente el un dos promotores activos dos grandes cambios que viviron a lingua galega, a literatura, a cultura, a sociedade ou a política no seu transcurso da Galicia do franquismo á Galicia democrática do s. XXI”, destacou o secretario xeral na súa intervención.

No acto inaugural da mostra participaron tamén o presidente da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares; o rexedor municipal, Antonio Pérez; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; e o comisario do proxecto, Gustavo A. Garrido.

Universo casariano

Os mundos de Carlos Casares é unha oportunidade para revisitar o universo casariano e a escena cultural galega ao longo das cinco últimas décadas, para recuperar deste xeito unha visión do escritor e dos seus lugares que aspira a conectar coas xeracións máis novas. Pero máis alá diso, presenta diferentes marcos contra os que poder desenvolver as relacións do autor co mundo, nunha sucesión de territorios simbólicos: Paisaxes, Luzadas, a Viaxe, Conviña... e O rondel van explicando as cuestións fundamentais da súa vida, da súa produción literaria e do seu compromiso co país e coa xente.



Clausura en Xinzo do ano Carlos Casares.

Compromiso co idioma

Carlos Casares Mourino (Ourense, 1941-Vigo, 2002) é unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX. Membro numerario da Real Academia Galega (RAG) ata o seu falecemento no ano 2002, director da Editorial Galaxia e presidente do Consello da Cultura Galega (1996- 2002) e mais do Centro PEN Galicia, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou polo seu talento literario e tamén pola súa implicación

na vida cultural, social e institucional do país, así como por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, sempre cun compromiso inequívoco co idioma galego.

Xinzo de Limia tamén puxo fin ao ano Carlos Casares. O fillo adoptivo da vila foi o gran protagonista na gala celebrada no auditorio, na que José González Joga recibiu o premio de portadas para “Vento Ferido”. No acto tamén se entregou o premio de xornalismo literario, que foi parar a Alfonso Vázquez Monxardín.

Concerto de Cristina Pato e Nicholas Cords

A ourensá Cristina Pato (piano) e o norteamericano Nicholas Cords (viola) ofreceron en Ourense, no marco do V ciclo Enclave de Cámara, un recital centrado na idea de transformación e espiritualidade. Interpretando obras de compositores do século XX, achegarán unha visión fascinante e orixinal da música de cámara na actualidade. Un exercicio de exploración musical que xorde da experiencia profesional de dous grandes artistas e que pretende revisar a idea do que significa un concerto de cámara na sociedade do século XXI.



Nicholas Cords, a concelleira Belén Iglesias e Cristina Pato.

Unha das experiencias que comparten os dous músicos é o traballo que dende hai anos desenvolven no Silk Road Project do violonchelista Yo-Yo Ma. Un proxecto e un colectivo musical que aspira a crear un mundo mellor a través dunha radical e transcultural colaboración musical entre artistas. Nicholas faino coma codirector artístico e Cristina como asesora de educación. Pero tamén coma intérpretes e, xunto a Yo-Yo Ma, percorreron o mundo en xiras que os levaron a moitos

dos teatros máis emblemáticos, coma o Lincoln Center de New York, a Ópera de París ou o Concertgebouw de Ámsterdam.

Horas antes do concerto, no Teatro Principal, os dous artistas asistiron a un encontro aberto co público no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Estudantes e amantes da música en xeral preguntaron, aprenderon e compartiron inquedanzas musicais con dous grandes representantes da música de cámara contemporánea.

PULPEIRO
A R E N T E I R O
do Carballiño
636634164
TODOS OS XOVES NA TABERNA TUI

RECAMBIOS LODAUTO
RECAMBIOS Y ACCESORIOS DEL AUTOMÓVIL
Telf. 986 607 047
Fax. 986 602 388
Avda. Concordia, 92 - TUI
facebook.com/recambios.lodauto
www.recambioslodauto.es

Portugal na misión empresarial de deporte náutico



Foto de familia no balneario de Laias (Ourense).

O Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) acolle unha misión empresarial de deporte náutico, dentro do Proxecto Europeo de Cooperación Transfronteiriza 230 CTC Limia. Lima-Cavado 1P, para dar a coñecer o Cerlac e o proxecto "Estaciones". O proxecto Comunidade Territorial de Cooperación Transfronteiriza (CTC), ten como obxectivo o desenvolvemento do territorio a través da cooperación transfronteiriza entre as rexións que abranguen os socios do proxecto, a Comunidade Intermunicipal do Cávado (CIM Cávado), a do Alto Minho (CIM Minho) e do Inorde.

Esta oficina técnica de cooperación constitúe unha estrutura formal transfronteiriza que será capaz de aumentar a eficiencia nas actividades de cooperación entre as entidades para o desenvolvemento económico e territorial deste espazo transfronteirizo. Este proxecto cunha duración de dous anos ten un custe total de 532.467,82€, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER, e no que o Inorde conta con 206.734,31 €.

Esta acción empresarial na que participaron trinta empresarios e asociacións deportivas de Portugal da zona de Val do Cávado e Val do Minho-Lima, está incluída

dentro das accións previstas no proxecto, e ten como obxectivo aproximar e aumentar a cooperación empresarial neste territorio.

Coa recepción do presidente do Inorde, Rosendo Fernández, e do xerente, José Manuel Rodríguez, comezou a visita ás instalacións do Centro de Entrenamento de Remo (Cerlac) no Balneario de Laias, no que actualmente entrena a Federación Bielorrusa derRemo.

Pola tarde para rematar a xornada, visitaron as estacións rehabilitadas dentro dos proxectos europeos "Estaciones" e "Estaciones Vivas".

A exposición "Quessada, Sociedade e Represión" homenaxea ao pintor

A sala de exposicións de Afundación na cidade das Burgas acolle ata o vindeiro mes de marzo unha escolma da obra do artista ourensán que inclúe máis de 50 pezas de diferentes estilos e técnicas, propiedade de institucións como Afundación, o Concello de Ourense, o Museo Quiñones de León de Vigo, a Universidade de Santiago, Abanca e a Fundación Quesada.

O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, destacou que as obras expostas revelan "o compromiso de Quessada contra a tiranía", sendo por tanto a mellor maneira de homenaxealo dez anos despois da súa morte. No acto inaugural estiveron presentes tamén Jesús Vázquez Abad, alcalde de Ourense; Mercedes Rozas Caeiro, patroa de Afundación; María Jesús Blanco Piñeiro, viúva do pintor e presidenta da Fundación Xaime Quesada Blanco; e José Gómez Alén, vicepresidente da Fundación Xaime Quesada Blanco e comisario da exposición.

Figura prolífica

"Quessada foi un virtuoso do debuxo e do emprego dramático da luz e da cor", apuntou Lorenzo, engadindo que se revelou como "unha das personalidades artísticas máis prolíficas e universais da historia da arte en Galicia". Con

esta mostra preténdese recuperar a memoria das súas achegas estéticas para a proxección cultural e a renovación da arte galega contemporánea. Poderanse ver algunhas das pezas menos coñecidas do artista, pero que amosan o seu compromiso "co mundo e co seu tempo desde unha perspectiva galega e universal".

Esta exposición constitúese, ao tempo, como un repaso da obra de Quessada para apreciar a complexidade estética dun artista que se definiu como "multiforme" e que testemuñou a guerra, a fame, a inxustiza ou a represión do seu tempo. No plano estético a escolma é, tamén, un compendio das obsesións do autor, tanto como un percorrido polos acontecementos do convulso século XX e as súas consecuencias.

O interese de Quessada. Sociedade e represión vén definido pola importancia deste recoñecido pintor, cunha obra pictórica exposta durante máis de 50 anos por diferentes países de Europa e de América. A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, colabora con este proxecto expositivo que se completa coa edición dun catálogo para poñer en valor a obra dun dos artistas máis salientables da historia da arte en Galicia.



Sala de exposicións de Afundación en Ourense.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLICIA

A Deputación impulsa estes proxectos editoriais, titulados: Homenaxe a unha Amizade. Carlos Casares; Lethes, (Cadernos culturais do Limia) nº 13 dedicado a Carlos Casares, e O legado dun escritor. O autor Carlos Casares é o protagonista das tres últimas publicacións. A presentación das publicacións tivo lugar no centro cultural “Marcos Valcárcel”, acto no que participou o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; o director da editorial Ir Indo, Bieito Ledo; o membro do Centro de Cultura Popular do Limia, Delfín Caseiro, e o director da revista Raigame, Xulio Fernández Senra.

Xulio Fernández explicou que a obra Carlos Casares (1941-2002). O legado dun escritor nace do número 40 da Revista Raigame que foi dedicado a Carlos Casares. Xa na súa presentación no pasado mes de maio, o presidente da Deputación de Ourense valorou editar a publicación en

A Deputación presenta tres obras sobre Carlos Casares



Bieito Ledo.



Delfín Caseiro.



Xulio Fernández Senra.

formato libro, “a cal vimos a presentar hoxe pero coa inclusión de dúas novidades: unha achega de Delfín Caseiro sobre as colaboracións de Carlos Casares co Liceo e a bibliografía máis completa que existe de Carlos Casares”, sinalou o director da revista Raigame.

Pola súa parte, Delfín Caseiro, quen agradeceu o apoio

da Deputación de Ourense que fixo posible a publicación dos últimos dous números da revista, explicou co contido deste número reúne 16 traballos relacionados coa figura e obra de Carlos Casares, “ven a ser como un tributo a quen tanto contribuíu á cultura e á dignidade de Galicia, e en particular, á cidadanía da Limia.

A publicación conta con traballos de escritores “de primeira liña como a poeta Chus Pato, o narrador Antón Riveiro Coello e o director da Revista Tempos Novos, Luís Álvarez Pousa. Unha publicación con traballos de alta valía que queren render homenaxe de palabras a quen tantas palabras nos deixou, a quen tanto contribuír a en-

riquecer a palabra, e para quen a palabra era como o respirar”, explicou o membro do Centro de Cultura Popular do Limia Na publicación tamén se recolle ademais desas colaboracións ensaísticas, o roteiro dos espazos limiáns polos que máis a miúdo transitou a vida de Carlos Casares, unha versión dramatizada do relato A Galiña Azul e os traballos premiados no II Certame Escolar Carlos Casares.

O libro Homenaxe a unha Amizade. Carlos Casares – Marcos Valcárcel, xorde porque Afonso Vázquez-Monxardín propúxome a idea de que o texto “Ourense, de auga e pedra”, pouco coñecido se xuntara con dous textos nos que Carlos Casares fala de Marcos Valcárcel e Marcos Valcárcel fala de Carlos Casares. É un libro que recolleita de preto de cen ilustracións que fan referencia ao texto e axudan a reinterpretar a cultura de Ourense e a cidade de Ourense”, explicou Bieito Ledo.

Melloras para unir os principais focos turísticos de Cenlle

A Xunta, a través de Turismo de Galicia, está a desenvolver no concello ourensán de Cenlle traballos de recuperación no paseo fluvial xunto ao Miño, nunha contorna na que destacan os seus recursos termiais e enoturísticos, que quedarán desde xeito unidos. Esta intervención conta cun investimento de 74.000 euros. A delegada da Xunta, Marisol Díaz Mouteira, acompañada do alcalde, Gabriel Alén, supervisou a execución das obras executadas ao abeiro dun convenio de colaboración entre Turismo de

Galicia e o concello co obxectivo de recuperar un camiño tradicional, que xa existía con anterioridade ao encoro de Castrelo de Miño, pero que debido á dificultade dos accesos en algúns tramos foi abandonado.

Díaz Mouteira indicou que Cenlle combina a posibilidade de gozar da natureza, dos recursos termiais e do enoturismo, “singularidades que esta actuación axudará a aproveitar, pois o paseo fluvial unirá as adegas co Balneario de Lais e a Área Termal de Barbantes que son os tres focos principais de atracción

turística de Cenlle”. Ademais, a delegada territorial subliñou que as obras da pasarela peonil permitirán por en valor a paisaxe característica da comarca ourensán do Ribeiro con viñedos nas beiras do río, camiños tradicionais enmarcados con muros de pedra e bosques de vexetación autóctona moi ben conservada.

As obras previstas, que respectarán a contorna natural do lugar, recuperarán ditos elementos para o uso e goce dos mesmos por partes dos veciños e os turistas. Ao existir un tramo onde o espazo entre o río e o terraplén do



Supervisión das obras realizadas.

ferrocarril é insuficiente, construírse unha pasarela voada sobre o río, mediante unha estrutura de madeira en harmonía coa contorna.

Marisol Díaz destacou que con esta actuación se potencia a riqueza dos recursos tu-

rísticos do concello, entre os que salientou o enoturismo e o termalismo, e a súa capacidade de incrementar os fluxos turísticos, desestacionalizar a demanda e crear unha imaxe de destino de calidade.

“In Tempore Sueborum”, primeira exposición monográfica sobre os Suevos en Galicia

A exposición In Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallae-cia. O primeiro reino medieval de Occidente (411-585) achega a Ourense a visión revisada e actualizada sobre o tempo dos suevos en Galicia. Trátase da primeira iniciativa monográfica abordada na comunidade galega sobre este tema, impulsada pola Deputación e apoiada pola Consellería de Cultura e Educación.

O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, participou na presentación da mostra, sobre a que destacou o seu interese “para afondar no coñecemento do noso pasado a través de numerosas pezas de relevante valor histórico-arqueolóxico”. Os comisarios da mostra, Jorge López e Artemio Martínez, achegan un novo relato sobre os suevos que abrangue máis de século e medio do noso pasado e que “ofrece nova luz” sobre os pobos asentados



Detalle da exposición na Igrexa de Santa María Nai (Ourense).

nos límites territoriais do Imperio romano de Occidente nos primeiros séculos da Idade Media, coa actualización e revisión dos coñecementos e hipóteses que ata agora se manexaban sobre esta etapa.

Anxo Lorenzo destacou o

traballo “de cooperación no que participan entidades culturais galegas de referencia como os museos arqueolóxicos provinciais de Ourense, de Lugo e da Coruña; ou o Museo de Pontevedra; museos do resto do Estado español e de Portu-

gal; xunto con centros doutros puntos do mundo –como San Petersburgo e Washington–, que achegan pezas únicas procedentes das súas coleccións”.

Para o secretario xeral de Cultura é este un proxecto histórico-artístico ambicioso e ri-

goroso “que lle brinda ao público a oportunidade de disfrutar nesta cidade de pezas de gran valor ás que sería difícil acceder doutro xeito”, así como “a posibilidade de aproximarse de forma amena e accesible” ao que acabaría sendo o primeiro reino medieval de Occidente.

Desde o 15 de decembro e ata o 4 de marzo de 2018, poderanse visitar as 200 pezas repartidas en tres espazos expositivos de Ourense, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, o Museo Municipal de Ourense e a Igrexa de Santa María Nai, nas que se fai un repaso polo lapso de século e medio no que os suevos configuran no noroeste peninsular o primeiro reino medieval de Occidente. As mostras están aberta de martes a sábado de 11 a 14 horas e de 18,30 a 21,30; os domingos de 11,30 a 14 horas. As visitas guiadas son tódolos días ás 18,30. A entrada é de balde.

“Laxeiro sobre papel” no Museo Municipal

inaugurouse no Museo Municipal de Ourense a exposición “Laxeiro sobre papel” que achegará algún aspecto concreto da obra de José Otero Abeledo, Laxeiro (Lalín, 1908 - Vigo, 1996), un dos membros máis destacados da Vangarda histórica galega. A mostra permanecerá aberta ata o día 4 de febreiro. Laxeiro foi un artista dotado dun particular talento para o debuxo, debido a que nos albores da súa traxectoria, adoptou o costume de ir sempre equipado cun caderno e lapis, pluma ou pincel, o que lle permitía reproducir todo o que

vía ao seu redor.

Durante os anos de barbeiro ambulante, ao seu regreso de Cuba na segunda década dos anos vinte, Laxeiro aproveitaba os seus periplos por romarías, festas populares e mercados, para plasmar todo aquilo que vía. Traballa o retrato, mais tamén grupos de persoas, feirantes, tratantes de gando, paisaxes rurais, vacas, cabalos, etc.

Nalgunha ocasión, o artista de Lalín afirmou que o debuxo era na pintura, o equivalente ao pentagrama na música. Referíase a que a liña, organizadora do espazo pictórico, estrutura a composición que logo

se completa coa aplicación da cor, modulando así as relacións de volumes, perspectivas, pesos, masas e demais elementos compositivos que conforman a obra rematada.

Esta relación tan íntima e inmediata co debuxo, será xa algo característico nel e xa non poderá prescindir dese método de traballo durante o resto da súa vida. Laxeiro, o debuxante compulsivo, pensa directamente coa man, aplicando a liña sobre o papel e solucionando así problemas técnicos, mediante a práctica continuada do debuxo.

Este proxecto nace a partir



Debuxos de Laxeiro na Museo Municipal de Ourense.

da idea de ilustrar o proceso no que o artista ensaia por primeira vez un tema ou un motivo, que pode ou non levarlo finalmente ao lenzo, ou ao papel dun xeito xa rematado. É a partir desta idea, como se vai articulando todo o proxecto expositivo, e conseguir así traer a Ourense unha exposi-

ción que, lonxe de mostrar o máis coñecido do artista, se centre nunha faceta concreta do seu traballo, aportando así certa novidade ao público visitante que terá a oportunidade de achegarse a un Laxeiro centrado no proceso debuxístico, lonxa na meirande parte dos casos, do traballo final.

Lembranza de Prado Lameiro no xardín do Posío

Coral de Ruada e a Fundación Otero Pedrayo lembraron a Xabier Prado Lameiro polo 75 cabodano do seu pasamento. Unha cita á que se sumaron algunhas das fundacións vencelladas aos persoeiros da Xeración Nós como as que levan o nome de Vicente Risco e Castelao. Samuel Lago, presidente de Coral de Ruada, lembrou que o homenaxeado foi fundador do colectivo e agradeceu o traballo desenvolvido por Delfín Caseiro á hora de reivindicar ao escritor e xornalista. Lago emprazou á Real Academia Galega, depositaria do legado do ourensán, a que faga xustiza co mesmo e “adique o Día das Letras Galegas a Xavier Prado Lameiro para que toda a sociedade galega coñeza a súa figura e o seu compromiso con Galicia”.

O profesor Delfín Caseiro sumouse á demanda de Lago e amosouse convencido de que “xa vai sendo hora de que ocupe o lugar que se merece na literatura galega, sobre todo pola súa obra dramática”. Fixo un percorrido pola súa vida, lembrando a súa condición de creador -xunto a Hixinio Ameixeiras- da Irmandade da Fala de Ourense, definiuno



Coral de Ruada actuou na homenaxe celebrada o 23 de decembro de 2017.

como “un dos grandes do xornalismo galego no primeiro terzo do século XX”, referiuse á súa amizade con Vicente Risco e á súa condición de redactor xefe na primeira etapa da Revista Nós. Juan Luis Saco, presidente da Fundación Otero Pedrayo, está convencido de que “faise necesario superar o menor coñecemento que se ten de Prado Lameiro en relación a outras figuras como Lamas Carvajal”. Luis Martínez-Risco, da Fundación Risco, dixo que actos como o celebrado no xardín do Posío son necesarios para homenaxear

“aos galegos que adicaron a súa vida á creación do discurso identitario da sociedade galega como pobo, como nación e como país”. Lembrou que logo de celebrar o centenario das Irmandades da Fala a próxima cita histórica “para a cultura de Galiza será a celebración do centenario da revista Nós -que se cumpre no 2020- e terá que ter continuidade logo co do Seminario de Estudos Galegos, proxecto que tamén Prado Lameiro compartiu”. Afonso Vázquez-Monxardín, manter do acto, lembrou que as Letras Galegas teñen

unha débeda co ourensán Saco e Arce, autor da primeira gramática galega.

Ofrenda floral

Na homenaxe tamén interviñeron Miguel Ángel Seixas (Fundación Castelao) e Javier Prado Méndez, neto do homenaxeado. O representante da familia referiuse á “satisfacción e agradecemento” aos organizadores do acto de homenaxe ao escritor e salientou o feito de que se manteña viva a súa memoria logo de pasados 75 anos “cinco máis dos que el viviu”. A ofrenda floral das institucións, a intervención

do alcalde Jesús Vázquez Abad e a actuación da Coral de Ruada pecharon o acto celebrado en Ourense.

Xabier Prado Rodríguez, bautizado como Javier David Leoncio Prado Rodríguez e máis coñecido polo seu alcume Prado Lameiro, naceu en Ourense o 12 de setembro de 1874 e finou na mesma cidade o 26 de decembro de 1942. Foi veterinario, autor teatral e poeta, ademais de destacado protagonista do rexionalismo galego de principios do século XX, dentro das Irmandades da Fala. Colaborador de Lamas Carvajal, intentou recupera-la publicación “O Tío Marcos d'a Portela”, en 1917, aínda que desapareceu finalmente en 1919. A súa obra é costumista, humorística, irónica e ruralista. Sabe reflectir perfectamente os modos e comportamentos dos campesiños, de modo que semella que transcribira unha gravación dos diálogos e pullas que se dan tódolos días no mundo rural galego. Cando escribe en galego o fai recollendo fielmente a fala ourensá, tanto a do labrego galego como a do señorito que presume de fala-lo castelán. En Ourense ten una rúa ao seu nome no barrio do Couto e un busto no xardín do Posío.

Agafe captará feiras foráneas para Galicia

A Asociación Galega de Feiras e Eventos (AGAFE) celebrou en Expourense a súa sexta asemblea xeral anual, asociación da que forman parte 60 socios das catro provincias galegas. Este conxunto de entidades promoveu en Galicia, ao longo de 2017, máis de 85 feiras e 500 eventos, contribuíndo con estes a dinamizar distintos sectores produtivos. Estes certames

reuniron a 5.500 expositores, ocuparon preto de 600.000 m2 e convocaron a 2.255.000 visitantes. Os obxectivos son a captación de eventos foráneos que poidan executarse en Galicia, do mercado nacional ou do internacional. Para iso a asociación “analizará que canles e organismos internacionais serán os máis adecuados co fin de proxectarse a nivel global e incrementar o número de foros nos

que promocionar ao conxunto de asociados” declarou Alejandro Rubín, presidente de AGAFE e director xerente de Expourense.

O medio especializado “Mundo Feiral” fixo entrega dun recoñecemento a Alejandro Rubín, como destacado Director de Institución Feiral do ano 2017. Sinalando os logros na internacionalización de TERMATALIA, e a súa traxectoria promovendo e po-



Alejandro Rubín recibindo a distinción.

tenciando no exterior a Expourense, Galicia e España a

través das súas feiras nacionais e internacionais.

Acisclo Escultor un libro dinámico sobre o artista ourensá

A Deputación de Ourense edita un libro que recolle a faceta artística e humana do escultor ourensán Acisclo Manzano, “porque a súa obra e a súa traxectoria merecían que o goberno provincial fixera realidade esta publicación que leva por título *Acisclo Escultor*”, destacou o presidente da Deputación, Manuel Baltar, na presentación da obra. No acto participou o escultor, Acisclo Manzano; a autora dos textos do libro, Mercedes Gallego; e o autor das fotografías, Mani Moretón.

Para a Deputación de Ourense a publicación deste libro é “un acto de xustiza para con un dos “bos e xenerosos” porque esta obra é un símbolo da homenaxe permanente que debe-

mos a un dos nosos fillos máis ilustres”, explicou Baltar, quen lembrou os numerosos recoñecementos que recibiu o escultor ourensán como o premio “Otero Pedrayo” 2016, que o xurado concedeu por unanimidade ex aequo aos escultores Acisclo Manzano e Manuel Buciños.

“Trátase dunha publicación de luxo á altura do protagonista do libro, un ourensán universal que non para de crear e que continúa metido nesa faceta de imaxinar en escultura todo aquilo que pretende exteriorizar”, sinalou Baltar, quen engadiu que “esa achega que Acisclo fixo durante a toda súa vida ao mundo da escultura e ao mundo da cultura de Ourense está de nora-ba cunha publicación destas

características”.

Mercedes Gallego dixo que para ela, escribir esta obra, tivo unha dobre honra: “non só por poder escribir sobre un dos escultores representativos da arte galega desde os anos 60 do século pasado ata agora, senón por poder traballar con Acisclo Manzano”. “O planteamento do libro non responde a unha publicación tradicional xa que parte da clave que nos deu Acisclo ao querer subliñar as esculturas que chove por elas, é dicir, as esculturas públicas que están na rúa, aínda que hai certas excepcións, obras que non son públicas, pero que son de difícil acceso ao público”, explicou a autora da publicación. O libro complétase cunha introdución bio-



Luís Tosar, Manuel Baltar, Acisclo Manzano, Mercedes Gallego e Mani Moretón.

gráfica escrita por Pilar Corredoira e un texto literario de Luís González Tosar.

Mani Moretón destacou que Acisclo é “unha persoa cunhas mans prodixiosas que axudan a que tódalas ideas que lle pasan pola cabeza sexa capaz de plasmalas” e salientou tamén a capacidade que ten o escultor de dotar de expresividade as súas obras “incluso de representar nelas a fe”.

Acisclo Manzano agradeceu “a quen soubo recoñecer as

miñas formas e o meu camiñar neste libro” e sinalou que non ten unha obra definitiva “porque non sei cando empecei nin cando terminarei”. O protagonista da obra explicou que non ten un método de traballo, “teño un método de vivir porque eu chámome escultor e de escultor acabarei. A miña misión é chegar a facer unha peza do tamaño dunha noz que represente tódalas esculturas que saíron das miñas mans, da miña cabeza ou da luz”.

A Ponte Nova terá un selo polo seu centenario

A Comisión Filatélica do Estado vén de notificar que na súa reunión do día 6 de novembro de 2017 acordou incluír no programa de emisións de selos de correo e demais signos de franqueo para o ano 2018, a emisión dun selo conmemorativo do Centenario da Ponte Nova sobre o río Miño en Ourense.

Atende así o Ministerio a petición, formulada en xuño polo deputado nacional e presidente da Comisión de Fomento do Congreso dos Deputados, Celso Delgado Arce, quen á súa vez canalizou a demanda do alcalde do Concello de Ourense, Jesús Vázquez Abad, promotor da iniciativa. O rexedor ourensán sinala que “esta Ponte, que o 21 de xuño de

2018 cumprirá cen anos, representou a chegada da modernidade a Ourense, posibilitando unha nova comunicación viaria sobre o río Miño que ata entón só era posible por medio da histórica Ponte Romana. O Concello de Ourense, está a elaborar un programa de actos, en colaboración co Ministerio de Fomento, co Colexio de Enxeñeiros de Galicia e con outras persoas interesadas”.

A petición solicitaba entón ao Ministerio de Fomento a súa participación na conmemoración do Centenario da Ponte Nova, que é de titularidade estatal, e intégrase na estrada nacional 120 desde o P. K. 569,225 ao 569,637. Unha colaboración que se expresaría de varias formas sendo

a máis visible a emisión por parte de Correos dun selo conmemorativo dedicado ao centenario desta ponte. Na solicitude refería que se trata dunha ponte dunha extraordinaria categoría da enxeñería e estética.

Historia

E para avalar a petición facía unha breve recesión histórica: “Formou parte do proxecto da chamada “Estrada de Primeira Orde”, desde o Campo de San Lázaro de Ourense ata a Estación de Canedo (ferrocarril de Ourense a Vigo). O seu proxecto foi aprobado definitivamente por Real Orde do 22 de febreiro de 1909. Poxáronse as obras o 7 de abril de 1910. O orzamento de contrata era de 1.211.996



A Ponte Nova en primeiro termo. Detrás a ponte do ferrocarril.

ptas. Adxudicáronse as obras o 14 de maio de 1910 a Don Luís Gomendio Saleses pola cantidade de 1.157.000 ptas. (a baixa foi de 54.996,20 ptas) O prazo inicial de execución de obras foi de cinco anos que empezaron a contarse a partir do 13 de xullo de 1910 debendo terminar por tanto en igual data de 1915. Pero houbo que solicitar varias prórrogas que foron concedidas pola superioridade, a última o

6 de xullo de 1917 por seis meses. As obras deberon terminar o 13 de xaneiro de 1918, como así se verificou facéndose a recepción definitiva o 21 de xuño do mesmo ano 1918.”

O alcalde, Jesús Vázquez, agradece a cooperación amosada polo deputado Celso Delgado Arce e polo Ministerio de Fomento, “dada a súa sensibilidade cunha efeméride clave para a modernidade da nosa cidade”.

Entrevista

Por Moncho Marinho

Fernando López-Acuña. Musicólogo

“O himno nace pola necesidade de ter un símbolo identitario para Galicia”

O pasado 20 de decembro celebráronse os 110 anos da primeira interpretación do himno de Galicia no Centro Galego de La Habana. A historia desta peza musical composta por Pascual Veiga e con letra de Pondal, reserva sorpresas que aínda están por descubrir. Falamos sobre algúns puntos con Fernando López-Acuña, musicólogo que no aniversario desta interpretación, fixo un percorrido pola vida do poema “Os Pinos”.

-Hai xa máis de cen anos do pasamento de Eduardo Pondal e tamén máis dun século da estrea na Habana de “Os Pinos”, musicado por Pascual Veiga. Considera que hoxe en día tanto a historia do autor como do himno son coñecidas dabondo?

Polos eruditos si, mais o que é sobre o himno hai algúns erros que convíña ir aclarando. Un deles é que o himno, aínda que se interpreta en Cuba o 20 de decembro de 1907, non é realmente esa a data da estrea, pois “Os Pinos” vaise interpretar a partir do ano 1892. Nese ano Pascual Veiga deixa A Coruña ao ser nomeado profesor da Escuela de Música de Madrid e dirixir dous orfeóns, entre eles o Orfeón do Centro Galego creado en 1893.

como o que lle pide a Pondal. Ese texto “debe ser a expresión fiel do espírito desta rexión, coa maneira dunha marcha real, Marsellesa, etc., sexa cantado en toda Galicia co entusiasmo que esperta no ánimo o sentimento da patria”.

-E aí é como nace o himno?

Non, realmente nace en 1890, cando Veiga decide crear un certame musical e entre os diferentes premios, crear un para a mellor marcha rexional co fin de que Galicia teña un himno de seu. Esta época é a de maior intensidade por parte do rexionalismo galego. Nese ano de 1890, Veiga será nomeado vogal da Asociación Rexionalista Galega, no comité de Santiago presidido por Murguía. Como xa dixeran, Veiga




Era un home de carácter difícil e complicado. O mesmo himno, que nace para o certame de 1890 ao que se presentan dez compositores. Nese ano de 1890, pensouse en facer un grande concerto coas pezas presentadas para as Festas de María Pita. Mais Pascual Veiga, era presidente do certame e non podía presentarse. Aínda así escribe un tema de acordo coas bases. Isto fixoo coa idea de que se o premio quedara deserto, puidese interpretarse o que el fixo. Resulta que houbo un gañador e desde que se recibe a comunicación do premiado, porque o xurado está reunido en París, pasa unha semana e pico. Con isto non dá tempo a preparar o himno. Veiga esperaba que se interpretase a súa composición, xa tiñan ensaiado e todo. Pero as bases non permitían o que desexaba o músico mindoniense e rifa cos membros do Orfeón e logo abandónao. Pouco tempo despois en 1892 vaise para Madrid e alí os seus orfeóns interpretan a música que leva para alá.

-Por que precisamente en La Habana se interpreta, teoricamente, por primeira vez “Os Pinos” e o seu texto é repartido por centros galegos de América Latina?

Fontenla Leal, impulsor da Real Aca-

demia Galega, era un home moi preocupado pola simboloxía de Galicia. Daquela traballa e está en contacto con Curros e Murguía para dotar a Galicia de simboloxía nacional, escudo e bandeira. Tamén era un grande coleccionista de libros e partituras de música galega. É sabedor naquel momento que Veiga ten a composición xa feita. Fontenla Leal pídelo a partitura ao compositor para poder editala na Habana e que sexa para piano e orfeón. No momento que chega a partitura á capital cubana tamén chega a noticia que Veiga morrera días antes. Por razón disto, fíxose unha homenaxe ao compositor e trasladáronse os seus restos desde o cemiterio de La Almudéa a Mondoñedo. Para homenaxear a Veiga, a banda municipal de La Habana interpreta o himno en versión para banda militar. O importante é que Fontenla pide que se declare o himno do centro galego de La Habana e tamén o fará a asociación impulsora da Real Academia Galega. Logo imprímese tanto a partitura como a letra no libro “Historia del Centro Gallego” de La Habana, que é distribuído por numerosos centros galegos e en Galicia. Personalmente creo que estes puntos son os máis importantes da historia do himno.



-Cales foron as innovacións que aportaron tanto Pascual Veiga como Eduardo Pondal, tanto coa música como coa letra.

O himno nace pola necesidade de ter un símbolo identitario para Galicia. Entón Pascual Veiga pídelo a Pondal a letra do texto. Hai unha letra na primeira carta de Veiga a Pondal que é sumamente explicativa do que é en canto quere Veiga facer co himno

quería un himno que reflectise o espírito de Galicia, e para iso recorre a Pondal que é o grande poeta desa época. Rosalía xa morrera, Curros xa non está, e Pondal é a grande figura. Veiga buscaba unha letra por riba dos localismos.

-Polo que se di, Pascual Veiga era unha persoa de moito carácter, mesmo tiña enfados por non ser el o gañador de certames.

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán acolle a presentación dun relato da autora ilustrado por alumnado de Quiroga



Emilia Pardo Bazán publicou en 1914 *Las medias rojas*. Este pequeno relato é hoxe un dos máis empregados para poñer a mocidade en contacto coa autora. A historia protagonizada por unha adolescente, Ildara, maltratada polo seu pai (tío Clodio), permite abordar temas como a violencia de xénero e a emigración, todos eles un século despois aínda de actualidade. Isto foi o que fixeron o curso pasado estudantes e profesorado do IES de Quiroga (Lugo), aplicando unha perspectiva interdisciplinaria que deu como froito unha adaptación do relato ilustrada por alumnas e alumnos de 4º da ESO. O libríño, editado polo propio centro coa colaboración da Casa - Museo Emilia Pardo Bazán, foi presentado esta tarde na que foi a residencia familiar da autora na rúa Tabernas da Coruña.

O alumnado que creou as ilustracións participou no acto xunto aos profesores que coordinaron o proxecto, o docente de Debuxo, Francisco Jaureguizar; e a profesora de Literatura e responsable da bi-

blioteca, Eva Teijeiro; a directora-conservadora da Casa-Museo, Xulia Santiso; e a académica Marilar Aleixandre. A idea foi de ambos os docentes cando se propuxeron traballar da man para propoñer na aula unha tradución da literatura á linguaxe plástica. O relato de Emilia Pardo Bazán foi escollido porque, ademais de ser esta unha autora que se estuda no curso en que se desenvolveu a iniciativa, se presta moi ben para traballar o tema da violencia de xénero, unha problemática que tamén se quixo abordar cadrando coa celebración do 25 de novembro, o Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres.

“É un relato moi duro, pero ao mesmo tempo resulta absolutamente crible”, apunta Eva Teijeiro. Máis novo é para os alumnos e alumnas descubrir a vida de Emilia Pardo Bazán. “Normalmente chámalles moito a atención a súa vivencia biográfica, é unha das primeiras mulleres escritoras que estudan e iso xa lles resulta moi sorprendente. Quizais tamén agardan un texto diferente vindo dunha muller, cando en realidade é unha autora do realismo-na-

turalismo que ten unha maneira de escribir e de achegarse á realidade da época dunha maneira moi vívida”, engade.

A académica Marilar Aleixandre e a directora-conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán felicitaron ao IES de Quiroga pola iniciativa de ilustrar *Las medias rojas* e o resultado. “Agradecemos ao IES de Quiroga esta iniciativa que supuxo traballar cun texto dunha escritora que foi pioneira na denuncia dos malos tratos, da violencia de xénero. O profesorado soubo ver tanto o valor literario como o contido social e feminista, e tamén as posibilidades plásticas deste relato”, resume Marilar Aleixandre. “O éxito da experiencia fainos pensar en continuala, propoñendo un premio de ilustración anual entre os centros escolares que nos visiten”, apunta Xulia Santiso. “Os cerca de 700 contos que Emilia escribiu darannos base para facer propostas fecundas e estimulantes”.

As ilustracións seleccionadas son autoría de Aarón Esteves García, Paula González Martínez, Luís Emilio Núñez Morales, Mario Quiroga Puga e Pedro Sánchez Suárez.

O Circo do Sol, Ringo Star, Shakira, Pablo Alborán, Fito e Fitipaldis e Vetusta Morla no Coliseum en 2018

O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande avanzou, xunto co director do Coliseum, Javier Rodríguez, as liñas principais da programación deste recinto para o ano que vén, “un dos espazos culturais máis significativos da cidade, tanto pola súa capacidade como pola súa condición multidisciplinar e tamén pola súa tradición”, e que acollerá no 2018 espectáculos de gran formato. Deles, Rodríguez destacou o que ofrecerá en decembro o Circo do Sol durante dúas fins de semana, “a grande aposta, tanto por cifras como por calidade e polo tremendo valor engadido, e que porá A Coruña como a única cidade de España na que o espectáculo Ovo estea en representación”, antes de anunciar os primeiros eventos musicais.

Neste ámbito, a axenda ábrese o 24 de marzo, con Fito e Fitipaldis na súa xira de 20º aniversario, un concerto que xa ten vendidas todas as localidades a día de hoxe. O 12 de maio chegará Vetusta Morla, que ten vendido xa 4.000 entradas, case o 50% do aforo de venda, e entre xuño e xullo estarán, entre outros nomes, Pablo Alborán o 22 de xuño, e Ringo Star o 29 dese mesmo, que chega cun formato de 6.000 localidades, e que é, segundo subliñou Rodríguez, “a aposta diferencial do Coliseum, un concerto no que se leva traballando máis de 14 meses e que supón unha oportunidade única, como é ter un beatle na cidade e en Galicia”. A eles unirase o con-

certo de Shakira, que chegará á cidade o domingo 1 de xullo, tras a suspensión da súa actuación este ano por motivos de saúde da artista. As entradas adquiridas para a data inicial serán válidas para o concerto de xullo. Ademais, desde hoxe mesmo e ata o día 17 de xaneiro ábrese o prazo para a devolución de entradas, a través dos puntos de venda oficiais onde foron compradas. Xa en outono, o de Dani Martín, que volverá ao Coliseum o 27 de outubro. A estes eventos sumaranse, en próximas datas, novos espectáculos musicais así como as propostas dirixidas a público familiar, “o que fai que nos plantexemos como obxectivos superar as 140.000 entradas vendidas e os 5 cheos absolutos”, indicou o director do multiusos.

Como tamén resaltou o director, o Coliseum pechará este 2017 con máis de 97.000 asistentes e un total de 18 eventos anuais, e 13 funcións de pago. Deles destacou os espectáculos musicais como “os grandes protagonistas”, con máis do 40% do peso global, con nomes internacionais como Carlos Vives e Gente de Zona a inicios de ano e os concertos de Ricky Martín e Juan Luis Guerra en xuño e xullo, ademais “dun protagonista único musicalmente falando, como é Joaquín Sabina, que conseguiu o que ninguén conseguira nesta cidade, como é vender 12.000 entradas para un concerto en xira, e primeira vez que o recinto acolle un doublete musical”, salientou Rodríguez.

Brais Lorenzo e a esixencia de ser fotorreporteiro

Por Francisco Puñal Suárez

“A primeira cámara que tiven foi un regalo que me fixo meu pai cando tiña 9 ou 10 anos. Regalouma para “fotografiar o mundo” tamén unha pluma para “describilo” e uns prismáticos para “observalo”, o único que usei foi a cámara. Esa primeira cámara era unha máquina que facía unha composición de catro imaxes diferentes para captar movemento. Dende esa primeira toma de contacto sempre estiven interesado na fotografía e xoguei con diferentes cámaras fotográficas que foron caendo nas miñas mans pero ningunha delas foi profesional ata que estudei foto”.

“Cando comecei a ter autonomía e vehículo propio dinme conta que cada vez que viaxaba precisaba dunha cámara para plasmar o que vía en cada viaxe. Encantábame viaxar pero sen cámara non o disfrutaba da mesma forma, foi entón cando decidín estudar fotografía”



Incendios en Galicia, zona de Abelenda das Penas, 2017

- afirma Brais Lorenzo Couto (1986 - Ourense) un talentoso fotorreporteiro galego, freelance que desenvolve o seu traballo para diversas axencias de prensa, e é colaborador do Faro de Vigo.

Brais é Técnico Superior de Fotografía pola Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense. Na actualidade está estudando Xoeografía e Historia no campus de Ourense. Galardonado cos premios SINIF 2012 e 2013 de fotografía “Firepress” que se outorgan anualmente no Simposio Nacional sobre Incendios Forestais.

A Brais coñecino recentemente na apertura da exposición do 26º Galicia

en Foco, que organiza o Club de Prensa de Ferrol, onde recibiu Mención Especial pola súa reportaxe “A nosa lacra”, tres imaxes que reflicten os incendios orixinalados por mans criminais en Galicia, e por outros factores que propiciaron que miles de hectáreas queden devastadas. El ten unha mirada especial capaz de reflectir o drama da vida.

“Ser fotorreporteiro non é un oficio, -di Brais- é unha forma de vida. Eu espero poder adicarme a esto todo o tempo que me quede neste planeta. É unha paixón coa que teño a sorte de poder subsistir. Creo que a orixinalidade vai algo ligada a esixencia. Son moi esixente connigo mesmo e sempre afronto cada día de traballo tentando facer a mellor imaxe posible na situación que estou vivindo, sexa unha rolda de prensa ou un lume forestal. Se teño que destacar cousas positivas do fotoxornalismo, quédome ca versatilidade e a ausencia de monotónia. Cada día

de traballo é diferente, pódense vivir moitas experiencias e aprender moitas cousas en contextos moi diferentes grazas a traballar nesto. Pode soar excesivamente apaixonado pero para min a clave e amar o que fas. Se traballas nunha profesión que aborreces é máis complicado facer

cousas orixinais. Son da idea de que todos temos unha virtude ou unha función que poderíamos facer ben dentro da sociedade, dar con ela e realizala pode ser a clave para ser feliz ou infeliz”.

Que condicións debe ter na túa opinión un fotorreporteiro?

“Para min resultan vitais a honestidade e a veracidade. Os fotorreporteiros debemos tentar ser transmisores da realidade da forma máis fiel posible. A nosa mirada sempre vai ser subxectiva e ten unha incidencia directa na sociedade que consume medios de información. Cada vez que traballo sinto que teño

unha gran responsabilidade, tento ter moito coidado e mimo co que lle fago chegar ó espectador. Nós temos que proporcionar e facer accesible información gráfica, non imos cambiar o mundo pero sí podemos axudar a que a xente esté ben informada e tome posicións fronte a determinados temas. Debemos tentar fuxir sempre que poidamos da foto “oficial” e tentar molestar coas nosas imaxes. Por desgraza, no Estado español últimamente a liberdade de prensa e a calidade da información deixa moito que desexar. Creo que nunca tivemos tanto volume de información e sen embargo estamos peor informados que nunca”.

En Galicia, como desenvolves o teu traballo? Vexo que os incendios son un tema constante na túa obra...

“Facendo coberturas de lumes forestais teño vivido episodios de moita tensión nos que a xente chega a temer pola súa integridade física. Tristemente en outubro de 2017 tivemos que ser testigos de falecementos por mor desta lacra. Calquer situación na que existe un sufrimento humano é moi complicada de fotografar, precisas illarte un mínimo para poder traballar e manter a cabeza fría aínda que é imposible non empatizar coa xente que sofre”.

“Moito do meu traballo desévolvese de forma autónoma, os medios cos que colaboro habitualmente pídenme coberturas gráficas de determinados temas case a diario pero en outras ocasións é de vital importancia ter os teus propios contactos e moverte pola túa conta para chegar a tempo a un feito noticiable. Algunhas veces o que aconteceu non foi excesivamente relevante e non vendes o material, outras, consigues algo potente.

Ogallá os lumes non foran unha constante no meu traballo pero tristemente son unha lacra que asolaga os nosos montes tódolos anos”.

Valora actualmente a prensa o traballo do fotorreporteiro? Que pasa con esta profesión en España?

A profesión no Estado español está moi mal valorada xa que as tarifas son unha vergoña en moitos casos e a figura do fotógrafo xa non é tan relevante



Brais Lorenzo premiado en Galicia en Foco 2017. Foto Francisco Puñal Suárez

como antes. Moitos medios xa prescinden dos profesionais da imaxe e ilustran os seus xornais con fotos de axencias, gabinetes, cedidas ou roubadas das redes. Agora todo o mundo co seu dispositivo móbil pode chegar e facer boas imaxes, antes era un tema moito máis profesionalizado e para empregar unha cámara fotográfica tiñas que ter unhas nocións técnicas básicas aínda que foras autodidacta. É complicado moitas veces loitar contra a inmediatez que demandan os medios porque cando chegas a un suceso xa hai centos de imaxes circulando nas redes. Hai que adaptarse aos novos tempos, reinventarse e saber con qué podes diferenciarte do resto.



Alberto Núñez Feijóo en Celanova, Ourense, tras a clausura do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas, 2017

Nova estación de arte rupestre en Taboexa

O Concello de As Neves e o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) presentaron o pasado 29 de decembro, no Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural de Taboexa, a nova estación de arte rupestre descuberta en Taboexa, un conxunto de petróglifos que constitúen o achado máis importante no eido da arte rupestre galega dos últimos 20 anos.

Estiveron presentes na mesa Xosé Manuel Rodríguez, alcalde de As Neves; Cándido Verde, Xosé Álvarez "O Buraco" e Xilberte Manso, descubridores do petróglifo, ademais de Xosé Lois Vilar e Eloy Martínez, arqueólogos, e Manolo Ledo, prospector, da sección de arqueoloxía do IEM, acompañados polo presidente da Comunidade de Montes de Taboexa.

Os participantes apoiaron as súas intervencións na proxección de fotografías e renderizados

de modelos 3D resaltando as principais características e singularidades do conxunto de petróglifos descuberto.

O remate desprazáronse á zona do descubrimento para completar as súas explicacións.

O petróglifo: a confirmación dun novo paradigma

Os lumes do pasado mes de outubro deixaron á vista esta xoia da arte rupestre descuberta hai case un mes e que ven confirmar un novo paradigma de representación das escenas de caza na arte rupestre galega e portuguesa. A descuberta deste petróglifo constitúe, pola súa riqueza iconográfica, factura técnica, conservación e localización xeográfica, un dos grandes fitos da investigación arqueolóxica dos últimos tempos en Galicia.

Nunha gran laxa inclinada atopamos varias coviñas ben repartidas pola superficie, algunha figura abstracta, varios

antropomorfos sexuados, ademais de algo máis dunha vintena de zoomorfos orientados en direccións diverxentes ocupando toda a pedra. Trátase, na súa gran maioría, da representación dun conxunto de équidos e algún cánido, dada a presenza na maior parte das figuras de colas espesas, orellas, e a ausencia de cornas.

A escena de caza de cabalos aparece confirmada pola presenza de alomenos un équido ferido por unha lanza e a presenza humana. Un conxunto de cuadrúpedes cunha boa factura, conservación, grande tamaño e diversidade técnica, dado o emprego de alomenos tres técnicas diferentes (baleirado, dobre trazo e trazo simple) nos gravados das rochas.

Nun afloramento granítico situado a carón do panel principal, atopamos un cuadrúpede esquemático dun metro de lonxitude; ata o de agora, o máis



grande dos atopados en Galicia e posiblemente un dos máis grandes de toda a península. Neste tipo de representacións, un só trazo define a liña cervico-dorsal do animal e dela saen as catro patas do mesmo.

A presenza de arte figurativa no concello de As Neves constitúe, ademais, unha gran novidade no mapa da arte rupestre galega, dada a preponderancia da arte abstracta nesta área. Por outra banda, o novo petróglifo de Taboexa confirma o novo paradigma que dende hai máis de dous anos propoñemos para a arte rupestre galega e portuguesa: que dende o fondo da Ría de Vigo ata o río Lima,

o animal case exclusivo e multirepresentado non é o cervo como se ten afirmado ata agora, senón os équidos. Nesta extensísima área xeográfica só coñecemos dez superficies claras con cérvidos, delas só unha, quizais dúas en Portugal, pegadas ó río Miño (Verdoejo), e máis de cen con équidos co mesmo comportamento que os cérvidos. Persguídos, cazados, ou simplemente representados na pedra. Os équidos cazados vivos ou matados co ser humano como dominador da natureza, perseguindo a pé ou dacabalo e axudado ou non por cánidos e co équido liado nunha trampa ou ferido por unha arma.

Atalaia clasificada como Monumento de Interesse Público ao fim de 40 anos

Foi publicada, em Diário da República, a portaria emitida pela Ministério da Cultura que classifica a Atalaia, em Vila Nova de Cerveira, como Monumento de Interesse Público. Iniciado há quase 40 anos, o processo fica assim concluído, com o reconhecimento nacional do enorme valor patrimonial daquela estrutura localizada no Alto de Lourido.

Para o autarca cerveirense, esta é uma valiosa notícia para Cerveira e para os Cerveirenses. "Foi um percurso longo e difícil mas, consciente da sua importância, a Câmara Municipal, em estreita colaboração com a União de Freguesias de Vila Nova de Cerveira e Lovelhe, nunca desistiu", assegura Fer-

nando Nogueira, acrescentando: "Esta é uma das formas de conseguir avançar com uma preservação e valorização digna e efetiva da Atalaia como merece. Para além de ficar legalmente protegida, abrem-se janelas de oportunidade para recorrer a fontes de financiamento para sua reabilitação".

Assinado pelo Ministro da Cultura, Luís Filipe Carrilho de Castro Mendes, o documento refere que o Fortim da Atalaia "possui uma grande relevância histórica e patrimonial, destacando-se a originalidade da sua estrutura, a sua importância no âmbito da arquitetura militar e da defesa da raia minhota, e a cronologia da sua fundação".

A classificação como Monu-

mento de Interesse Público reflete os critérios constantes do artigo 17.º da Lei n.º 107/2001, de 8 de setembro, relativos ao caráter matricial do bem, ao seu interesse como testemunho notável de vivências ou factos históricos, ao seu valor estético, técnico e material intrínseco, à sua conceção arquitetónica e paisagística, à sua extensão e ao que nela se reflete do ponto de vista da memória coletiva, e à sua importância do ponto de vista da investigação histórica ou científica.

Localizada no Alto do Lourido, em posição elevada, a meia encosta, e detendo um amplo sistema de vistas, funcionaria como complemento da defesa de Vila Nova de Cerveira e do Forte de



Lovelhe. Em conjunto com este forte e com o Castelo medieval de Cerveira, esta atalaia constituiu o sistema defensivo da vila e da fronteira do rio Minho ao longo do período da Guerra da Restauração.

Embora se atribua a construção ao esforço militar de meados do século XVII, a sua tipologia denuncia ainda os modelos renascentistas, de influência italiana, que caracterizaram a primeira metade do

século XVII, sendo mesmo possível que a intervenção setecentista tenha reformulado uma estrutura de origem medieval. A estes modelos corresponde o torreão cilíndrico de pouca altura, rematado em cordão e parapeito preparado para peças de artilharia, levantado sobre plataforma quadrangular rodeada por fosso, centrado por uma cisterna e envolvido por bateria vazada por porta em arco apontado.

Os Bolechas presentaron en Salvaterra de Miño o seu libro “Salvaterra Vila Milenaria”

O pasado 23 de decembro os Bolechas, Carlos, Loli e Pili, Braulio, Sonia, Tatá e Chispa, achegáronse a Salvaterra de Miño, e xunto o seu creador Pepe Carreiro fixeron a ledicia de todos os presentes, sobre todo dos

mais cativos, no acto organizado polo Concello co fin de presentar un dos seus últimos libros “Salvaterra Vila Milenaria”, libro editado polo Concello e que contou coa colaboración da Deputación de Pontevedra a través do Plan

de Promoción Lingüística provincial.

Os Bolechas contan con máis de 550 títulos e máis dun millón e medio de exemplares distribuídos. Foi no 2012 cando deron un gran salto, traspasando as fronteiras literarias para chegar a todos os ámbitos culturais e de ocio, relacionados coa infancia e co noso idioma, o galego, coa súa serie de televisión e diversos espectáculos.

Foron moitas as familias que se desprazaron ata a Praza do Concello para sacarse unha foto cos Bolechas e levarse un exemplar deste libro asinado polo seu autor, Pepe Carreiro, un home do que din que é moi difícil encasillar,



xa que tanto o podemos encontrar na disciplina de ilustración, de publicidade, deseño gráfico ou debuxo, a súa gran paixón, e que gracias o cal fixo que moitos nenos e nenas, pais e nais leran en galego.

Con este novo libro dos Bolechas, “Salvaterra Vila Mile-

naria” queren que os máis pequerrechos da casa coñezan a súa historia, a historia da súa Vila, que conta con máis de mil anos, e ao mesmo fomentar a lectura, a lectura en galego de toda a familia. O libro será distribuído entre todos os Centros de Infantil do Municipio.



Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

**Bufete
DARRA**
abogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo
Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Abogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña